



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TRABALLO FIN DE GRAO


GRAO EN FISIOTERAPIA

“Fisioterapia nos déficits de equilibrio e marcha en adultos con traumatismo craneoencefálico. Unha Revisión bibliográfica”

Physical therapy in balance and gait deficits in adults with traumatic brain injury.

Bibliographic review.

Fisioterapia en los déficits de equilibrio y marcha en adultos con traumatismo craneoencefálico. Una revisión bibliográfica.



Alumna: Dna. María López Souto

DNI: 76582596W

Titora: Dna. M^a Eugenia Amado Vázquez

Convocatoria: Xuño 2020

ÍNDICE

1. RESUMO	7
1. RESUMEN.....	8
1. ABSTRACT	9
2. INTRODUCCIÓN.....	10
2.1 Tipo de traballo.....	10
2.2 Motivación persoal.....	10
3. CONTEXTUALIZACIÓN	11
3.1 Antecedentes.....	11
3.1.1. TCE: Definición, incidencia, prevalencia e mortalidade.....	11
3.1.2. Etioloxía.....	11
3.1.3. Clasificación dos TCE	12
3.1.4. Fisiopatoloxía.	13
3.1.5. Prognóstico.....	13
3.1.6. Secuelas.....	14
3.1.7.Secuelas en equilibrio e marcha.....	15
3.1.7.1. Alteracións no equilibrio	15
3.1.7.2 Alteracións na marcha.....	15
3.1.8. Tratamento.	16
3.1.8.1.Tratamiento de fisioterapia para equilibrio e marcha.....	17
3.2. Xustificación do traballo.....	18
4. OBXECTIVOS	19
4.1 Pregunta de investigación	19
4.2 Obxectivos: xeral e específicos.....	19
5. MATERIAL Y MÉTODOS	20
5.1. Fecha de la revisión y bases de datos	20
5.2. Criterios de selección	20
5.3. Estratexias de busca	20
5.4 Xestión de la bibliografía localizada	25
5.5 Selección de artigos	25

5.6 Variables de estudio	26
6. RESULTADOS	31
6.1. Tipo de estudios	31
6.2. Características da mostra e da intervención.....	31
6.2.1. Características da mostra.....	31
6.2.2. Características da intervención.....	32
6.3. Escalas de equilibrio e marcha.	35
6.4. Eficacia da intervención nos déficits de equilibrio e marcha.....	39
6.4.1. Equilibrio.....	39
6.4.2. Marcha.....	43
7. DISCUSIÓN	47
7.1. Características da mostra e da intervención.....	47
7.2. Escalas emplegadas para a medición dos resultados.....	47
7.3. Eficacia en equilibrio e marcha	48
7.3.1. Equilibrio	48
7.3.2. Marcha.....	49
8. CONCLUSIÓN	51
9. BIBLIOGRAFÍA.....	52
10. ANEXOS	58
Anexo 1. Escala Equilibrio Berg	58
Anexo 2. Escala Comunitaria de Equilibrio e Mobilidade	59
Anexo 3. Test de avaliação dos sistemas de equilibrio.....	61
Anexo 4. Sistema de puntuación de errores de equilibrio	66
Anexo 5. Inventario de Discapacidad para Mareos	68
Anexo 6. Escala de confianza no equilibrio ao realizar actividades específicas.	69
Anexo 7. Índice de Marcha Dinámica.....	71
Anexo 8. Avaliación da Marcha Funcional	73
Anexo 9. Test de Levántate e Anda	75
Anexo 10. Ferramenta de avaliação de mobilidade de alto nível.....	76

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Escala Coma Glasgow	12
Táboa 2. Termos empregados na busca en PubMed.....	21
Táboa 3. Estratexias de busca.....	24
Táboa 4. Variables de estudio e instrumentos de medida.....	26
Táboa 5 Características das mostras.....	32
Táboa 6. Características dos estudos.....	36
Táboa 7. Resultados estudio Peters et al.	39
Táboa 8. Resultados para o equilibrio do estudio Kleffelgaard et al.	40
Táboa 9. Valores de p para os cambios nas medidas de resultados de equilibrio no estudio de Tefertiller et al.....	40
Táboa 10. Resultados das medidas de equilibrio no estudio de Straudi et al.	41
Táboa 11. Medidas resultado para o equilibrio do estudio de Gottshall et al.	42
Táboa 12. Resultados para a marcha no estudio de Peters et al.....	43
Táboa 13. Resultados na marcha no estudio de Esquenazi et al.....	44
Táboa 14. Resultados para marcha no estudio de Gottshall et al.	46
Táboa 15. Resultados para a marcha no estudio de Daminao et al.....	46

ÍNDICE DE FIGURAS

Figura 1. Diagrama de fluxo da selección de artigos.	25
---	----

ÍNDICE DE ABREVIATURAS

ABC	Escala de confianza no equilibrio durante actividades específicas
AT	Accidente tráfico
AVD	Actividades da vida diaria
BBS	Escala de equilibrio de Berg
BESS	Sistema de puntuación de errores de equilibrio
BESTEST	Test de evaluación de los sistemas de equilibrio
CAREN	Entorno de rehabilitación asistido por computadora.
CB&M	Escala comunitaria de equilibrio e mobilidade
DGI	Índice de marcha dinámica
DHI	Inventario de discapacidad para mareos
FGA	Evaluación da marcha funcional
GC	Grupo control
GCS	Escala Coma de Glasgow
GI	Grupo intervención
LOS	Proba dos límites de estabilidade
MCT	Proba de control motor
MV	Máxima velocidad
NE	Non especificado
PBWSTT	Adestramiento en cinta de correr con soporte parcial do peso corporal
PICO	Paciente (P), Intervención (I), Comparación (C), "Outcomes" (O)
RM	Resonancia magnética
RV	Realidade virtual
SLAR	Relación de asimetría de lonxitude de paso
SLS	Proba de postura de unha soa perna
SOT	Proba de organización sensorial
SSV	Velocidade auto-seleccionada
STAR	Relación de asimetría de tempo de paso

TAC	Tomografía computerizada
TCE	Traumatismo crano-encefálico
TNF	Tarefa de Navegación de Barco
TUG	Proba de levántate e anda
UBS	Escala de equilibrio unificada
UDC	Universidade da Coruña
VSS	Escala de síntomas de vertixe
WWTAC	Camiñar mentres fala- Letras alternantes
WWTAE	Camiñar mentres fala- Media de erros
WWTAT	Camiñar mentres fala- Media de tempo
10F	Test de 10 metros marcha- Máxima velocidade
6MWT	Test de 6 minutos marcha
10SS	Test de 10 metros marcha- Velocidade auto-seleccionada

1. RESUMO

Introdución

O traumatismo cruentocefálico presenta unha elevada taxa de incidencia e prevalencia, supoñendo un importante problema socioeconómico e de saúde pública en todo o mundo, dado que representan a principal causa de consulta en urxencias, mortalidade e discapacidade en individuos novos, así como a primeira causa de anos potenciais de vida perdidos. Os déficits de equilibrio e marcha son algunas das secuelas más frecuentes nestes pacientes, persistindo tempo despois da lesión e limitando a participación e reintegración na sociedade.

Obxectivo

Analizar a evidencia científica dispoñible sobre a fisioterapia para abordar os déficits de equilibrio e reeducar a marcha en pacientes que sufrieron un traumatismo cruentocefálico.

Material e métodos

Realizouse unha busca bibliográfica nas bases de datos PubMed, PEDro, Cochrane Library, Scopus e Web Of Science, incluíndo artigos publicados nos últimos seis anos en lingua inglesa, española e portuguesa.

Resultados

Seleccionáronse 10 artigos que cumplían os criterios de inclusión e exclusión. A intervención levada a cabo nos distintos artigos é diversa, sendo a más frecuente a realidade virtual. A eficacia da intervención mídese a través de escalas e test de valoración, sendo as más empregadas a escala de equilibrio de Berg (BBS), a velocidad da marcha auto-seleccionada (SSV) e a avaliación da marcha funcional (FGA).

Conclusóns

Existe unha gran diversidade nos tratamentos de fisioterapia e na súa dosificación para abordar os déficits de equilibrio e reeducar a marcha. Os artigos empregan unha gran variedade de escalas e test de valoración como medida de resultados, dificultando a comparación dos artigos entre si. A intervención levada a cabo polos distintos artigos resultou ser eficaz para mellorar equilibrio e marcha nunha ampla maioría.

Palabras clave

Traumatismo cruentocefálico, Fisioterapia, Equilibrio, Marcha.

1. RESUMEN

Introducción

El traumatismo craneocefálico presenta una elevada tasa de incidencia y prevalencia, suponiendo un importante problema socioeconómico y de salud pública en todo el mundo, dado que representa la principal causa de consulta en urgencias, mortalidad y discapacidad en adultos jóvenes, así como la primera causa de años potenciales de vida perdidos. Los déficits de equilibrio y marcha son algunas de las secuelas más frecuentes en estos pacientes, persistiendo tiempo después de la lesión y limitando la participación y la reintegración social.

Objetivo

Analizar la evidencia científica disponible sobre la fisioterapia para abordar los déficits de equilibrio y reeducar la marcha en pacientes que sufrieron un traumatismo craneoencefálico.

Material y métodos

Se realizó una búsqueda bibliográfica en las bases de datos PubMed, PEDro, Cochrane Library, Scopus y Web Of Science, incluyendo artículos publicados en los últimos seis años en lengua inglesa, española y portuguesa.

Resultados

Se seleccionaron diez artículos que cumplían los criterios de inclusión y exclusión. La intervención llevada a cabo en los distintos artículos es diversa, siendo la más frecuente la realidad virtual. La eficacia de la intervención se mide a través de escalas y test de valoración como la escala de equilibrio de Berg (BBS), la velocidad de la marcha autoseleccionada (SSV) y la evaluación de la marcha funcional (FGA), entre otras.

Conclusiones

Existe una gran diversidad en los tratamientos de fisioterapia y en su dosificación para abordar los déficits de equilibrio y marcha. Los artículos utilizan una gran variedad de escalas y test de valoración como medida de resultados, dificultando la comparación de los estudios entre sí. La intervención llevada a cabo por los distintos artículos resultó ser eficaz para mejorar el equilibrio y la marcha en una amplia mayoría.

Palabras clave

Traumatismo craneoencefálico, Fisioterapia, Equilibrio, Marcha.

1. ABSTRACT

Introduction

Traumatic brain injury has a high incidence and prevalence rate, representing a major socioeconomic and public health problem worldwide, since it represents the main cause of emergency consultation, mobility and disability in young adults, as well as the leading cause of lost potential years of life. Balance and gait deficits are some of the most frequent sequelae in these patients, persisting over time after the injury and limiting participation and social reintegration.

Objective

To analyse the available scientific evidence on physiotherapy to address balance deficits and re-educate gait in patients who suffered a traumatic brain injury.

Material and methods

A bibliographic search was conducted PubMed, PEDro, Cochrane Library, Scopus and Web Of Science databases, including articles published in the last six years in the English, Spanish and Portuguese languages.

Results

Ten articles that met the inclusion and exclusion criteria were selected. The intervention carried out in the different articles is diverse, being virtual reality the most frequent. The efficacy of the intervention is measured through scales and assessment tests, being the most used Berg Balance Scale (BBS), speed of the self-selected gait (SSV) and Functional Gait Assessment (FGA).

Conclusions

There is great diversity in physiotherapy treatments and in their dosage to address deficits in balance and gait. The articles use a wide variety of scales and assessment tests as an outcome measure, making it difficult to compare the studies among themselves. The intervention carried out by the different articles turned out to be effective in improving balance and gait in a large majority.

Keywords

Traumatic brain injury, Physiotherapy, Balance, Gait

2. INTRODUCCIÓN

2.1 Tipo de traballo

O presente traballo consiste nunha revisión bibliográfica da literatura existente sobre a eficacia dos distintos métodos de fisioterapia para mellorar os déficits de equilibrio e a marcha en pacientes que sufrieron un traumatismo cruentocefálico (TCE).

O obxectivo dunha revisión bibliográfica é localizar , seleccionar e examinar toda a evidencia publicada para dar resposta a unha pregunta de investigación formulada mediante un proceso sistemático e explícito (1).

2.2 Motivación persoal

A motivación persoal para realizar este traballo xorde, en primeiro lugar, a raíz do interese que me provoca a fisioterapia neurolóxica en xeral e a súa capacidade para mellorar a calidade de vida dos individuos que padecen algunha patoloxía deste tipo.

Por outra parte, as experiencias vividas durante a realización das Estadías Clínicas, fundamentalmente do segundo cuadrimestre, suscitoume un maior interese pola eficacia dos distintos métodos de fisioterapia para abordar os déficits de equilibrio e reeducar a marcha. Todo isto levoume a formular a pregunta de investigación e realizar a seguinte revisión bibliográfica.

3. CONTEXTUALIZACIÓN

3.1 Antecedentes

3.1.1. TCE: Definición, incidencia, prevalencia e mortalidade.

Os Centros para o Control e a Prevención de Enfermidades definen o traumatismo cranioencefálico (TCE) como “Unha lesión causada por un golpe ou sacudida na cabeza, ou unha lesión penetrante na cabeza que interrompe a función normal do cerebro” (2).

Os TCE supoñen un importante problema socioeconómico e de saúde pública en todo o mundo, dado que representan a principal causa de consulta en urxencias, mortalidade e discapacidade en individuos novos, así como a primeira causa de anos potenciais de vida perdidos (3)(4).

A incidencia anual nos países desenvolvidos é de entre 100 e 200 casos por cada 100.000 habitantes (5). Os Centros para o Control e Prevención de Enfermidades mostran nos Estados Unidos unha incidencia anual de visitas a urxencias de 403 casos por 100.000, dos cales só 85 son hospitalizados; mentres que na Unión Europea a incidencia anual de hospitalizacións por TCE é de aproximadamente 235 casos por 100.000 habitantes, habendo diferenzas entre países (4). A taxa de mortalidade xeral do TCE en Europa é de 10.5/100.000 habitantes (6)

O TCE é máis frecuente en adultos novos, especialmente en homes (representando aproximadamente un 75% dos casos) (2,4). No obstante, nos casos relacionados con traumatismos durante a práctica deportiva, existe maior incidencia en mulleres que en homes; e en adultos maiores de 65 anos a frecuencia de TCE é praticamente igual en ambos sexos. (2)

3.1.2. Etiología

Os accidentes de tráfico, as caídas, os accidentes laborais, os asaltos e os traumatismos durante a práctica deportiva constitúen as causas más frecuentes de TCE (7,8). A idade media dos individuos que sufren un traumatismo varía en función da causa (7), habendo dous picos de idade onde é más frecuente sufrir unha lesión deste tipo: ao final da adolescencia e en persoas con idade avanzada (8). Os accidentes de tráfico constitúen a primeira causa de traumatismo cranioencefálico, sendo o alcohol un factor contribuínte (7,8). Non obstante, a aplicación de leis sobre o uso do cinto de seguridade e do casco, así como as campañas de concienciación para a prevención de accidentes de tráfico e os avances tecnolóxicos que fan que cada vez os coches sexan más seguros, contribuíron a diminuir a incidencia e a

gravidade dos TCE causados por este motivo (4,7,8). Por outra parte, a incidencia de caídas causantes de TCE en persoas de idade avanzada é cada vez maior, ademais supoñen un incremento da incidencia de padecer unha lesión masiva e, polo tanto, un peor prognóstico (4,7). Debido a isto, na última década observouse un cambio no patrón epidemiológico do TCE, pasando a ser cada vez más frecuentes as caídas como principal causa de TCE (6).

3.1.3. Clasificación dos TCE

Existen numerosos criterios para a clasificación dos traumatismos cruentocefálicos, de forma xeral poden clasificarse como lesións abertas ou lesións cerradas (2,4).

Non obstante, un dos criterios más utilizado universalmente para a súa clasificación é o nivel de consciencia avaliado a través da Glasgow Coma Scale (GCS), clasificando o TCE en: leve (GCS 14-15), moderado (GCS 9-13) e grave (GCS 3-8). Esta escala avalia a resposta a estímulos tendo en conta tres componentes fundamentais: a apertura de ollos, a resposta verbal e a resposta motora (4)(3).

Táboa 1. Escala Coma Glasgow

Apertura olhos		Resposta verbal		Resposta motora	
1	Non responde	1	Non responde	1	Non responde
2	Ante estímulos dolorosos	2	Sons incomprensibles	2	Extensión á dor
3	Ante estímulos verbais	3	Palabras inapropiadas	3	Flexión anormal á dor
4	Espontaneamente	4	Linguaxe confuso	4	Só retira
		5	Orientado	5	Localiza a dor
				6	Obedece ordes

A maioría dos TCE son leves (70-80% aproximadamente), entre un 10-12% son moderados e entre un 10-16% graves. Aínda que a maioría dos pacientes sofren lesións leves, é frecuente que presenten algunha secuela (2,4,9).

Por outra parte, en función do dano cerebral existente e da súa localización, as lesións cerebrais divídense en lesións focais e difusas (2,9).

As lesións focais son aquelas que se localizan nunha área determinada e que son suficientemente grandes para ser identificadas a simple vista. Biomecanicamente son producidas por unha forza directa transmitida a través do cráneo. Inclúen as contusións

cerebrais, as hemoraxias intracerebrais e extracerebrais (epidurais e subdurais). O dano focal pódese observar mediante técnicas de neuroimaxe como a tomografía computarizada (TAC) ou a Resonancia Magnética (RM) (9,10).

As lesións difusas, son as más comúns tras un TCE, débense a movementos de rotación, estiramento e compresión do tecido cerebral. Inclúen a lesión axonal difusa e o dano microvascular (hemoraxias petenquiais na sustancia branca). As lesións difusas poden non ser visibles nas técnicas de neuroimaxe, pero son responsables de moitos dos déficits que presenta o paciente (10).

3.1.4. Fisiopatoloxía.

O dano cerebral tras sufrir un TCE é producido por unha forza externa como un impacto directo, unha aceleración ou desaceleración rápida, unha lesión penetrante ou por ondas de unha explosión (2,11). Debido ao impacto mecánico, prodúcense unha serie de acontecementos fisiopatolóxicos evolutivos no tempo, que podemos dividir en dano cerebral primario e dano cerebral secundario (8,9). O dano primario ocorre inmediatamente despois do traumatismo debido á interrupción mecánica do tecido cerebral e determina lesións funcionais e estruturais tales como: fracturas do cráneo, contusións, laceracións, hematomas intracerebrais e lesión axonal difusa. Como resposta a este, horas ou días despois pódese producir un dano cerebral secundario que provoca lesións como hipotensión arterial, hipoxemia, hipertensión intracranial, edema cerebral, hipoglucemía ou hiperglucemía, entre outras (3,4,8,9). A presenza destas lesións aumenta o índice de morbimortalidade, polo que un diagnóstico preciso resulta fundamental para realizar un tratamiento médico adecuado e mellorar o prognóstico do paciente na medida do posible (8,9,12).

3.1.5. Prognóstico

Realizar un bo prognóstico e diagnóstico do TCE é importante para poder anticipar as necesidades de rehabilitación dos pacientes e para dar unha información adecuada tanto a pacientes como a familiares, sen crear falsas expectativas. (2,12)

Existen numerosos factores que inflúen no prognóstico, a precisión deste será maior se se utiliza unha combinación de variables. Estas variables poden agruparse en tres categorías (4,12):

1. Gravidade e natureza da lesión (12):

- Severidade da lesión: A severidade da lesión pódese estimar a través da puntuación inicial obtida na GCS, a duración do coma (período de tempo que o paciente presenta unha puntuación menor a 8 na GCS) e o período de amnesia posttraumática.
- Factores relacionados coa lesión: A clasificación da lesión segundo as probas de neuroimaxe é un dos factores más importantes para o prognóstico, a presenza de hematomas subdurais, hipoxia ou hidrocefalia son factores prognósticos negativos. As causas do traumatismo, a presenza de fracturas craniais ou de lesión extracranial inflúen na probabilidade de sufrir complicacións.

2. Características do individuo (12):

As principais variables que inflúen no prognóstico son: a idade, o sexo, o nivel educativo e a personalidade premórbida.

3. Variables contextuais (12):

É importante ter en conta o apoio familiar, a integración laboral e o impacto dos programas de rehabilitación.

3.1.6. Secuelas

Existen diversos factores relacionados coas secuelas do trauma cranioencefálico, como poden ser a causa do traumatismo, a extensión da lesión, o lugar onde se produce ou a presenza de lesións extracraneais asociadas. O lóbulo frontal e temporal son as dúas estruturas que máis frecuentemente se ven afectas, estes lóbulos son os encargados da actividade motora e da linguaxe, así como de regular as respuestas emocionais, entre outras funcións. Polo tanto, a súa afectación está directamente relacionada coas secuelas que aparecen tras sufrir un TCE. (5,12).

As principais secuelas neurolóxicas que aparecen tras sufrir un traumatismo son (5,13):

- Cefaleas, alteracións da deglución, alteracións perceptivas e dos sentidos (vista, oídos, olfacto, gusto, tacto), alteracións da comunicación (tanto da comprensión como da expresión verbal).
- Epilepsia
- Déficit motor e sensitivo: Perda de força (hemiplexía, hemiparesia...), alteracións do ton muscular, presenza de movementos anormais, trastornos do equilibrio e a coordinación. Cando existe compromiso do cerebelo aparecen alteracións na marcha, a coordinación motora, propriocepción e a estabilidade postural.
- Alteracións vexetativas: Hipotensión ortostática, sudación, etc.

- Alteracións neurocognitivas e psiquiátricas: Afectación da atención, memoria (fundamentalmente memoria a curto prazo), funcións executivas, gnosias e capacidade de procesar información enlentecida, trastornos do sono, depresión, ansiedade, psicose, apatía, impulsivididade, irritabilidade...
- Alteración do control de esfínteres

A nivel físico o déficit más frecuente é unha alteración sensoriomotora no hemicorpo contralateral á lesión cerebral. (13)

3.1.7. Secuelas en equilibrio e marcha.

As secuelas no equilibrio e na marcha tras un TCE son frecuentes e persisten tempo despois de sufrir o accidente (14). Os individuos que chegan a deambular de forma autónoma na comunidade, camiñan a unha velocidade máis lenta e presentan un control deteriorado do equilibrio durante a marcha, que empeoran cando se enfrentan a situacións que supoñen un desafío, como poden ser: aumentar a velocidad da marcha, unha situación de dobre tarefa, pechar os ollos ou pisar un obxecto. Isto contribúe de forma significativa a limitar a reintegración na sociedade (15).

3.1.7.1. Alteracións no equilibrio

O equilibrio é o resultado do conxunto de aferencias procedentes do sistema vestibular, a vista e a sensibilidade propioceptiva que recibe o sistema nervioso central. Para manter o equilibrio estático precisa de unha complexa interacción dos sistemas sensoriais, unha programación motora axeitada e un sistema musculoesquelético intacto. As alteracións funcionais tras sufrir un TCE poden provocar dificultades no sistema nervioso para integrar de forma axeitada a información sensorial procedente das vías vestibulares e proprioceptivas, causando alteracións no control postural e o equilibrio (14,16).

Ademais, moitos pacientes con TCE prestan dificultades para manter o equilibrio dinámico no plano frontal, polo que é frecuente que manifesten sensación de inestabilidade e mareo, esta sensación empeora cando se enfrentan a algúun obstáculo durante a marcha (17).

3.1.7.2 Alteracións na marcha

As alteracións no patrón de marcha son comúns despois de sufrir un traumatismo cruentocefálico tanto se é leve como moderado ou grave.

As lesións do tronco encefálico encóntranse entre as secuelas estruturais más frecuentes dos TCE graves. O tronco encefálico contén tractos que envían información somatosensorial e

ordes motoras entre a cortiza cerebral e a medula espiñal, polo que estas lesións afectan negativamente a recuperación funcional dos pacientes, provocando alteracións significativas na marcha (18) . Ademais, os TCE leves poden provocar anormalidades na cortiza motora primaria, o que se traduce en problemas de motricidade, planificación dos movementos e control motor (14).

Os individuos con TCE presentan unha marcha inestable, con variacións no desprazamento do centro de gravidade (aumento do movemento medio-lateral) e un aumento variable do tempo de oscilación, isto provoca que adopten un patrón de marcha que se caracteriza por: diminución da velocidade da marcha, diminución da lonxitude de paso e aumento do tempo da fase de apoio, para intentar compensar estes déficits funcionais (14,15,19).

3.1.8. Tratamento.

No tratamento do traumatismo cranioencefálico resulta fundamental realizar unha abordaxe interdisciplinaria de forma coordinada entre todos os profesionais que interveñen. Os pacientes que presentan un TCE leve normalmente son dados de alta as poucas horas e non require un tratamiento específico. No caso do TCE moderado e grave, podemos distinguir tres fases de tratamiento (13):

1. **Fase aguda:** O tratamiento rehabilitador débese comezar precozmente para evitar complicacións. A fisioterapia respiratoria resulta fundamental para mellorar a oxigenación dos pacientes e para previr alteracións na función respiratoria. Adminístrase heparina de baixo peso molecular e, sempre que o estado do paciente o permita, realizarase mobilización pasiva para previr a formación de trombos; así como cambios posturais para evitar úlceras por presión. Nesta fase iníciase tamén a neuroestimulación sensorial para activar as funcións neurolóxicas e facilitar o retorno á actividade consciente.
2. **Fase subaguda:** As terapias deben programarse en función dos déficits neurolóxicos e cognitivo-condutais que presente o paciente. Establecer de forma consensuada co paciente e coa familia uns obxectivos realistas resulta fundamental. Realizase fisioterapia para abordar as alteracións motoras, do ton, postura, equilibrio coordinación e marcha; terapia ocupacional para conseguir a máxima autonomía posible nas actividades da vida diaria (AVD); logopedia para abordar as alteracións da linguaxe e deglución, así como mellorar a funcionalidade da comunicación e neuropsicoloxía e neuropsiquiatría para tratar aqueles problemas emocionais ou de conducta que podan sufrir os pacientes.

3. **Fase crónica:** Unha vez que o paciente é dado de alta terapéutica é importante conseguir unha reintegración na vida familiar e social, para iso resulta fundamental a figura do traballador social e o apoio familiar.

3.1.8.1. Tratamento de fisioterapia para equilibrio e marcha.

Como xa mencionamos anteriormente, as secuelas en equilibrio e marcha son frecuentes en persoas que sufren un traumatismo cruentocefálico, e poden persistir no tempo. A fisioterapia resulta fundamental para abordar estes déficits.

O tratamento de fisioterapia convencional para a reeducación da marcha e o equilibrio baséase na aplicación dos principios de neuroplasticidade e reprendizaxe motor, e inclúe intervencións tales como control de tronco, estiramentos musculares, cinesiterapia activo-assistida e marcha (20).

En primeiro lugar, en unha posición de sedestación e cos pés apoiados, realizanse desestabilizacións de tronco antero-posteriores e laterais e alcances, progresando a sedestación sen apoio e sobre superficies inestables.

A continuación comezarase a traballar en bipedestación realizando de novo desestabilizacións e alcances, así como exercicios de transferencias de peso. A medida que o paciente vaia mellorando irase progresando diminuíndo a base de sustentación, engadindo superficies inestables, etc (21).

Por último, iniciarase a reeducación da marcha, empregando barras paralelas ou outras axudas técnicas (bastón, andador...) e órteses que precise o paciente, co obxectivo de mellorar o patrón de marcha e lograr unha marcha independente sempre que sexa posible. Ademais, pódese empregar un tapiz rodante, con un sistema de suspensión con descarga parcial do peso corporal. O fisioterapeuta proporciona axuda e retroalimentación para reeducar os patróns motores de marcha (lonxitude de paso, altura de paso, velocidade...). A velocidade da cinta, a descarga do peso corporal e a axuda do fisioterapeuta axustaranse en función da progresión do paciente. En ocasións, tamén se realizan outro tipo de intervencións de fisioterapia para mellorar a marcha como a Estimulación Eléctrica Funcional (FES) e a Facilitación Neuromuscular (PNF) (22).

Por outra parte, nos últimos anos comezouse a empregar a realidade virtual como unha ferramenta de tratamiento de equilibrio e marcha. A realidade virtual proporciona unha retroalimentación aumentada que contribúe ao aprendizaxe de habilidades motoras, ademais aumenta a motivación e a atención (compoñentes esenciais no aprendizaxe).

3.2. Xustificación do traballo

O traumatismo cruentocefálico presenta unha elevada taxa de incidencia, sendo unha das principais causas de discapacidade en adultos novos.

As secuelas en marcha e equilibrio son moi frecuentes nestes pacientes, con independencia da gravidade do TCE, persistindo tempo despois do accidente. Estas secuelas provocan limitacións funcionais e diminución da calidade de vida daqueles que as padecen, restrinxindo, en moitas ocasións, a participación e limitando a súa reintegración na sociedade.

Por outra parte, a evidencia científica dispoñible céntrase principalmente na abordaxe de pacientes con ACV, dado que é unha das patoloxías neurolóxicas con maior incidencia na actualidade, sendo moito más escasa a literatura a cerca suxeitos con TCE.

Por todo isto, a presente revisión bibliográfica pretende analizar a evidencia científica dispoñible sobre a fisioterapia para abordar os déficits de equilibrio e marcha en pacientes que sufrieron un TCE.

4. OBXECTIVOS

4.1 Pregunta de investigación

A pregunta de investigación que se establece para a realización do presente traballo formulase a través da estrutura **PICO**:

- **Patient (Paciente):** Adultos que sufriran un traumatismo cruentocefálico e que presenten secuelas na marcha e/ou no equilibrio.
- **Intervention (Intervención):** Diferentes métodos de fisioterapia para abordar os déficits de equilibrio e marcha.
- **Comparison (Comparación):** Comparación con un grupo control ou co grupo de estudo antes e despois de realizar o tratamento.
- **Outcome (Resultado):** Determinar os distintos métodos de intervención de fisioterapia para mellorar o equilibrio e/ou a marcha e a súa eficacia.

Polo tanto, a pregunta de investigación que se formula é a seguinte:

Cales son os distintos métodos de fisioterapia empregados para abordar os déficits de equilibrio e reeducar a marcha en pacientes que sufrieron un traumatismo cruentocefálico, e cal é a súa eficacia?

4.2 Obxectivos: xeral e específicos

➤ **Obxectivo xeral:**

Analizar a evidencia científica disponible sobre a fisioterapia para abordar os déficits de equilibrio e marcha en pacientes que sufrieron un TCE.

➤ **Obxectivos específicos:**

- Determinar as características da mostra e da intervención de fisioterapia dos diferentes estudos.
- Determinar que escalas empregan os estudos para valorar o equilibrio e a marcha.
- Coñecer cales son os métodos de fisioterapia empregados para abordar os déficits de equilibrio, e a súa eficacia.
- Analizar cales son os métodos de fisioterapia empregados para reeducar a marcha, e a súa eficacia.

5. MATERIAL Y MÉTODOS

5.1. Fecha de la revisión y bases de datos

A busca de información para a realización desta revisión bibliográfica levouse a cabo durante os meses de marzo e abril do ano 2020 nas seguintes bases de datos, propias de Ciencias da Saúde e outras multidisciplinares: PubMed, PEDro, Cochrane Library, Scopus e Web of Science.

5.2. Criterios de selección

Criterios de inclusión:

- Estudos nos que a mostra sexan adultos humanos que sufrieron un TCE e teñan alteracións no equilibrio e/ou na marcha.
- Estudos publicados nos últimos seis anos en lingua inglesa, española ou portuguesa.
- En canto ao tipo de estudio, tivérонse en conta os seguintes tipos: estudos de caso, ensaio clínico, estudo comparativo, ensaio clínico controlado, ensaio clínico aleatorizado.

Criterios de exclusión:

- Estudos nos que se inclúan outras patoloxías a parte de TCE ou estudos nos que se aplique a fisioterapia a outra patoloxía.
- Artigos non gratuítos a través da páxina da Universidade da Coruña (UDC).
- Estudos que realicen intervencións que non sexan propias de fisioterapia.

5.3. Estratexias de busca

Para realizar a busca de información, en primeiro lugar identifícaronse as palabras chave da pregunta PICO: “*traumatismo cranioencefálico*”, “*fisioterapia*”, “*equilibrio*” e “*marcha*”, e realizouse unha busca previa para ver si xa existía algúnsa revisión sistemática que respondera a pregunta de investigación formulada.

PubMed

A busca en PubMed realizouse combinando termos MESH e linguaxe natural das palabras chave e os seus sinónimos en inglés (“*physical therapy*”, “*traumatic brain injury*”, “*balance*” e “*gait*”,) utilizando os operadores booleanos AND e OR. O campo de busca que se empregou foi TIAB (Title & Abstract), que fai referencia a que ese termo debería aparecer ou ben no

título ou ben no resumo. Na seguinte táboa móstranse os termos MESH e de linguaxe natural que se utilizaron para cada palabra chave:

Táboa 2. Termos empregados na busca en PubMed

Palabra Chave e sinónimos	Termos MESH	Termos en linguaxe natural
Physical therapy Physiotherapy	- <i>Physical Therapy Modalities</i> - <i>Physical Therapy Specialty</i> - <i>Physical Therapist Assistants</i> - <i>Physical Therapy Department, Hospital</i>	
<i>Traumatic brain injury</i> <i>Brain injury</i>	- Craniocerebral Trauma - Head Injuries, Closed - HeadInjuries, Penetrating	- Head injury - Traumatic head injury
<i>Traumatic head injury</i> <i>Head injury</i>	- Brain Injuries - Brain Injury, Chronic - Brain Injuries, Traumatic - Brain Concussion - Brain Injuries, Diffuse	- Brain injury - Traumatic brain injury
<i>Balance</i> <i>Equilibrium</i>	- Postural Balance - Proprioception	- Balance - Equilibrium
<i>Gait</i>	- Gait - Gait Disorders, Neurologic - Gait Analysis - Walking Speed - Walking	- Gait

A continuación móstrase o cadro de busca:

```
(((("Physical Therapy Modalities"[Mesh] OR "Physical Therapy Specialty"[Mesh]) OR
("Physical Therapist Assistants"[Mesh] OR "Physical Therapy Department,
Hospital"[Mesh])) AND ((("Craniocerebral Trauma"[Mesh] OR "Head Injuries,
Closed"[Mesh] OR "Head Injuries, Penetrating"[Mesh]) OR ("Brain Injuries"[Mesh] OR
"Brain Injury, Chronic"[Mesh] OR "Brain Injuries, Traumatic"[Mesh] OR "Brain
Concussion"[Mesh] OR "Brain Injuries, Diffuse"[Mesh] OR "head injury"[TIAB] OR
"traumatic head injury"[TIAB] OR "brain injury"[TIAB] OR "traumatic brain injury"[TIAB]))) )
AND (("Postural Balance"[Mesh] OR "Proprioception"[Mesh] OR "balance"[TIAB] OR
"equilibrium"[TIAB])) AND (((("Gait"[Mesh] OR "Gait Disorders, Neurologic"[Mesh]) OR
("Gait Analysis"[Mesh] OR "Walking Speed"[Mesh])) OR "Walking"[Mesh] OR
"gait"[TIAB])))
```

Ademais empregáronse os seguintes filtros para limitar a busca:

- **Data de publicación:** Dende o ano 2014 ata a actualidade
- **Especie:** Estudos con humanos
- **Idioma:** Inglés, Español e Portugués

Tras a aplicación dos filtros obtivéronse 18 resultados.

PEDro:

A busca en PEDro levouse a cabo en dous bloques:

1. Por unha parte realizouse unha busca introducindo os termos "brain injury" e "gait" en título e resumo.
2. Por outra parte introducíronse os termos "brain injury" e "balance" en título e o resumo.

En ambos casos os termos únironse co operador booleano AND, e utilizáronse os seguintes filtros, obtendo 33 resultados:

- **Ano de publicación:** desde o ano 2014 ata a actualidade.
- **Subdisciplina:** Neuroloxía.

Cochrane Library

En Cochrane Library a busca realizouse coas catro palabras chave que xa citamos anteriormente, utilizando os operadores booleanos AND e OR, de forma similar que en PubMed. O campo de busca que se empregou foi *Title, Abstract & Keywords* que indica que os termos deberían de aparecer no título, no resumo ou nas palabras chave. Ademais, aplicouse un filtro por data de publicación limitando a busca a aqueles artigos publicados dende o ano 2014, obtendo 7 resultados. A continuación móstrase o cadro de busca:

```
"traumatic head injury" OR "traumatic brain injury" OR "head injury"  
OR "craniocerebral trauma" in Title Abstract Keyword AND "balance  
control" OR "balance" OR "postural balance" OR "proprioception" OR  
"equilibrium" OR "equilibration" in Title Abstract Keyword AND "gait  
training" OR "gait" OR "Gait Disorders, Neurologic" OR "Walking  
Speed" OR "gait disorders" OR "walk" OR "walking" in Title Abstract  
Keyword AND "physiotherapy" OR "physical therapy" in Title Abstract  
Keyword
```

Scopus

Na base de datos Scopus tamén se utilizaron as catro palabras chave unidas mediante os operadores booleanos AND e OR. O campo de busca que se empregou foi “*TITLE-ABS-KEY*” (*Title, Abstract & Keywords*), igual que en Cochrane Library. A busca limitouse cos seguintes filtros e obtivérонse 27 resultados:

- **Data de publicación:** Dende o 2014 ata a actualidade
- **Idioma:** Inglés
- **Tipo de documento:** Artigos

O cadro de busca é o seguinte:

```
( "physical therapy" OR "physiotherapy" ) AND TITLE-ABS-KEY ( "head injury" OR "traumatic head injury" OR "brain injury" OR "traumatic brain injury" OR "craniocerebral trauma" ) AND TITLE-ABS-KEY ( "balance" OR "equilibrium" OR "equilibration" ) AND TITLE-ABS-KEY ( "gait" OR "waking" OR "walk" OR "walking speed")
```

Web Of Science

Por último, en Web Of Science o campo de busca que se empregou foi por tema. A busca levouse a cabo de forma similar que nas anteriores bases de datos, aplicando os seguintes filtros e obtendo 19 resultados :

- **Idiomas:** Inglés
- **Tipos documento:** Ensaios clínicos e artigos
- **Período de tempo:** 2014-2020

Cadro de busca:

```
TS=((physical therapy OR physiotherapy)  
AND (Traumatic brain injury OR brain injury  
OR head injury OR traumatic head injury OR  
Craniocerebral trauma) AND (gait OR walk  
OR walking OR walking speed) AND  
(balance OR equilibrium OR equilibration))
```

A continuación, na seguinte táboa móstrase un resumo das estratexias de busca empregadas en cada unha das bases de datos, así como os resultados obtidos:

Táboa 3. Estratexias de busca

Base de datos	Estratexia de busca	Filtros	Resultados sen filtros	Resultados con filtros
PubMed	((("Physical Therapy Modalities"[Mesh] OR "Physical Therapy Specialty"[Mesh]) OR ("Physical Therapist Assistants"[Mesh] OR "Physical Therapy Department, Hospital"[Mesh])) AND ((Craniocerebral Trauma"[Mesh] OR "Head Injuries, Closed"[Mesh] OR "Head Injuries, Penetrating"[Mesh]) OR ("Brain Injuries"[Mesh] OR "Brain Injury, Chronic"[Mesh] OR "Brain Injuries, Traumatic"[Mesh] OR "Brain Concussion"[Mesh] OR "Brain Injuries, Diffuse"[Mesh] OR "head injury"[TIAB] OR "traumatic head injury"[TIAB] OR "brain injury"[TIAB] OR "traumatic brain injury"[TIAB]))) AND ("Postural Balance"[Mesh] OR "Proprioception"[Mesh] OR "balance"[TIAB] OR "equilibrium"[TIAB])) AND (((Gait"[Mesh] OR "Gait Disorders, Neurologic"[Mesh]) OR ("Gait Analysis"[Mesh] OR "Walking Speed"[Mesh])) OR "Walking"[Mesh] OR "gait"[TIAB]))	<ul style="list-style-type: none"> - Data publicación: 2014 ata a actualidade - Especie: Estudos con humanos - Idioma: Inglés, Español e Portugués 	44	18
PEDro	Abs and title: "brain injury" "gait"	<ul style="list-style-type: none"> - Data publicación: dende 2014 ata a actualidade. 	24	12
	Abs and title: "brain injury" "balance"	<ul style="list-style-type: none"> - Subdisciplina: Neuroloxía. 	32	21
Cochrane Library	"traumatic head injury" OR "traumatic brain injury" OR "head injury" OR "craniocerebral trauma" in Title Abstract Keyword AND "balance control" OR "balance" OR "postural balance" OR "proprioception" OR "equilibrium" OR "equilibration" in Title Abstract Keyword AND "gait training" OR "gait" OR "Gait Disorders, Neurologic" OR "Walking Speed" OR "gait disorders" OR "walk" OR "walking" in Title Abstract Keyword AND "physiotherapy" OR "physical therapy"	<ul style="list-style-type: none"> - Data publicación: Dende 2014 ata actualidade 	9	7
Scopus	("physical therapy" OR "physiotherapy") AND TITLE-ABS-KEY ("head injury" OR "traumatic head injury" OR "brain injury" OR "traumatic brain injury" OR "craniocerebral trauma") AND TITLE-ABS-KEY ("balance" OR "equilibrium" OR "equilibration") AND TITLE-	<ul style="list-style-type: none"> - Data de publicación: Dende o 2014 ata a actualidade - Idioma: Inglés 	65	27

	ABS-KEY ("gait" OR "waking" OR "walk" OR "walking speed")	- Tipo documento: Artigos		
Web Of Science	TS=((physical therapy OR physiotherapy) AND (Traumatic brain injury OR brain injury OR head injury OR traumatic head injury OR Craniocerebral trauma) AND (gait OR walk OR walking OR walking speed) AND (balance OR equilibrium OR equilibration))	- Data publicación: 2014-2020 - Idiomas: Inglés - Tipos documento: Ensaios clínicos e artigos	187	19

5.4 Xestión de la bibliografía localizada

A xestión da bibliografía localizada levouse a cabo a través do xestor bibliográfico Mendely, que permite eliminar aqueles artigos duplicados e facilita a elaboración da bibliografía en formato Vancouver.

5.5 Selección de artigos

Unha vez realizada a busca nas cinco bases de datos, procedeuse a realizar unha lectura do título e o resumo dos 104 artigos, eliminándose aqueles que non cumplían os criterios de inclusión e exclusión e os artigos duplicados. A continuación, na *Figura 1*, axúntase un diagrama de fluxo que representa o proceso de selección.




Figura 1. Diagrama de fluxo da selección de artigos.

5.6 Variables de estudio

Na presente revisión analizáronse dúas variables de estudo: equilibrio e marcha. Na seguinte táboa móstranse os instrumentos utilizados para as medicións.

Táboa 4. Variables de estudio e instrumentos de medida.

VARIABLE DE ESTUDO	INSTRUMENTOS DE MEDIDA
Equilibrio	<ul style="list-style-type: none"> - Escala de equilibrio de Berg (BBS) - Sistema de puntuación de errores de equilibrio (BESS) - Test de evaluación de los sistemas de equilibrio (BESTest) - Escala unificada de equilibrio (UBS) - Prueba de organización sensorial (SOT) - Escala comunitaria de equilibrio y movilidad (CB&M) - Prueba de postura de una sola pierna (SLS) - Puntuación <i>tarea Navegación en el barco</i> del sistema CAREN (TNF) - Prueba de los límites de estabilidad (LOS) - Prueba de control motor (MCT) - Inventario de discapacidad para mareos (DHI) - Escala de síntomas de vértigo (VSS) - Escala de confianza en el equilibrio durante actividades específicas (ABC)
Marcha	<ul style="list-style-type: none"> - Evaluación de la marcha funcional (FGA) - Índice de marcha dinámico (DGI) - Test de 6 minutos marcha (6MWT) - Test de levántate y anda (TUG) - Test de 10 metros marcha- velocidad auto-seleccionada (10ss) - Test de 10 metros marcha- máxima velocidad (10F) - Herramienta de evaluación de movilidad de alto nivel (HiMAT) - Velocidad de marcha auto-seleccionada (SSV) - Velocidad máxima (MV) - Relación asimetría tiempo de paso (STAR) - Relación asimetría longitud de paso (SLAR) - Prueba de caminar mientras habla (WWT)

	<ul style="list-style-type: none">• Proba de camiñar mentres fala- Media de erros (WWTAE)• Proba de camiñar mentres fala- letras alternas (WWTAL)• Proba de camiñar mentres fala- Tempo medio (WWTAT)
--	---

A continuación defínense brevemente as diferentes escalas:

- **Equilibrio:**

- **Escala de equilibrio de Berg (BBS):** A escala de equilibrio de Berg é un dos instrumentos más usados para valorar o equilibrio en patoloxías neurolóxicas. Está composta por 14 ítem, cada un deles puntúase cunha escala de 5 puntos que vai dende 0 (imposible de realizar) a 4 (rendemento normal). A puntuación final é a suma da puntuación de cada un dos ítem, de forma que oscila entre 0 e 56 (23). Ver Anexo 1.
- **Escala comunitaria de equilibrio e mobilidade (CB&M):** Valora desafíos de tarefas motoras necesarias para a mobilidade na comunidade. Consta de 13 tarefas, 6 das cales se realizan de forma bilateral. Cada unha delas puntúase nunha escala de 6 puntos (entre 0 e 5 puntos), excepto unha que ten un punto adicional. Polo tanto, a puntuación máxima posible é de 96 puntos (24). Ver Anexo 2.
- **Proba de organización sensorial (SOT):** A proba de organización sensorial, contén 6 condicións diferentes que miden a capacidade dun individuo de usar entradas visuais, somatosensoriais e vestibulares para manter o equilibrio. O paciente sitúase enriba dunha placa de forza, realiza unha manipulación da información visual (a través do movemento do entorno visual), da somatosensorial (a través do movemento da placa de forza), ou de ambas, e o paciente debe de manter o equilibrio. Esta proba cuantifica a capacidade do individuo de usar os tres sistemas sensoriais para manter o equilibrio, e resulta especialmente útil para medir os resultados da rehabilitación vestibular (25).
- **Proba de postura de unha soa perna (SLS):** É unha proba de equilibrio estático que consiste en manter unha posición de apoio unipodal o maior tempo posible. O tempo empeza a contarse cando o pé se levanta do chan e finaliza unha vez que o suxeito apoia o pé de novo ou se agarra a unha cadeira, que previamente se coloca ao lado deste por se fose necesario. A proba non durará

máis de 60 segundos con cada perna e realizaranse 3 intentos, quedándose coa mellor puntuación (26)

- **Test de avaliação dos sistemas de equilibrio (BESTest):** É unha proba estandarizada que consta de 36 ítems, cada un deles puntúase nunha escala de 4 niveis de 0 (peor desempeño) a 3 mellor desempeño. A puntuación final vai dende 0 (deterioro total) ata 108 (dentro dos límites da normalidade) (27). Ver Anexo 3.
- **Escala unificada de equilibrio (UBS):** Avalía a capacidade do paciente para manter o equilibrio, tanto de forma estática como mentres realiza movementos funcionais. Consta de 27 ítem, derivados de tres escalas de equilibrio (BBS, Tinetti Scales e Fullerton Advanced Balance Scale). A puntuación total vai dende 0 a 65 puntos (28).
- **Sistema de puntuación de errores de equilibrio (BESS):** O sistema de puntuación de error de equilibrio consta de tres posturas: apoio bipodal (mans nas cadeiras e pes xuntos), apoio unipodal e postura en tandem. As posturas realizanse sobre unha superficie firme e sobre unha superficie de espuma cos ollos pechados, contando os errores (abrir os ollos, levantar as mans das cadeiras, pisar, tropezar ou caerse da posición, levantar o antepé ou o talón, abducir a cadeira máis de 30º ou non volver a posición de proba en máis de 5 segundos) durante 20 segundos (29). Ver Anexo 4.
- **Proba de límites de estabilidade (LOS) e Proba de control motor (MCT):** Son probas estandarizadas de equilibrio de Neurocom que avalían diferentes aspectos do control do equilibrio. A proba LOS proporciona información sobre o control voluntario do equilibrio para unha función diaria, segura e independente (por exemplo, cambios posturais ou alcanzar obxectos mentres se está de pé). A proba MCT, pola súa parte, proporciona información sobre o control automático do equilibrio como unha reacción a perturbacións externas inesperadas (por exemplo rebalos e tropezos) (30).
- **Tarefa de Navegación de Barco (TNB):** É unha tarefa do sistema de realidade virtual CAREN. Calculouse empregando un algoritmo que incorporou o tempo para completar o recorrido, a altura e a velocidade de movemento da

plataforma, a velocidade máxima permitida do barco e número e tipo de erros cometidos polo suxeito.

- **Inventario de discapacidade para mareos (DHI):** É un cuestionario de auto-informe de 25 ítems que cuantifica o impacto dos mareos na vida diaria. Os ítem divídense en tres dominios: 1) Funcional (9 preguntas), 2) Emocional (9 preguntas), 3) Físico (7 preguntas). As respuestas puntuánse con 0 puntos (non), 2 puntos (as veces) e 4 puntos (si). Canto maior sexa a puntuación, maior será a discapacidade percibida polos mareos (31). Ver Anexo 5.
- **Escala de síntomas de vertixe (VSS):** Cuestionario de auto-informe que consta de 36 ítem que abordan a frecuencia e a gravidade dos síntomas de mareos nos últimos 12 meses. Ten dúas subescalas principais que diferencian os ítem relacionados co vertixe e o desequilibrio, e os ítem relacionados ca ansiedade.
- **Escala de confianza no equilibrio para realizar actividades específicas (ABC):** É unha medida de auto-informe de 16 ítem na que os pacientes puntuán a súa confianza no equilibrio para realizar actividades. A puntuación de cada ítem vai dende 0 (nada de confianza) a 100 (confianza completa). A puntuación total calcúlase sumando a puntuación de cada ítem e logo dividindo entre o número total de ítem. Ver Anexo 6.

- **Marcha:**

- **Índice de marcha dinámica (DGI):** É unha escala que consta de 8 tarefas e que avalia a estabilidade postural durante tarefas de marcha. Cada un dos ítems puntuase nunha escala de 4 niveles, con unha puntuación máxima total de 24 puntos. Unha puntuación menor ou igual a 19 indica maior risco de caídas (32). Ver Anexo 7.
- **Avaliación da marcha funcional (FGA):** É unha modificación do DGI, composta por 10 tarefas (7 do DGI e 3 novos ítems). Cada unha das tarefas puntuase nunha escala de 0 (discapacidade severa) a 3 (deambulación normal), sendo a puntuación más alta de 30 puntos (32). Ver Anexo 8.
- **Test de 6 minutos marcha (6MWT):** Mide a distancia máxima que un paciente é capaz de recorrer durante 6 minutos, avaliando simultaneamente a

frecuencia cardíaca, a saturación de oxíxeno e o grado de dispnea. Expresa a capacidade do individuo para o exercicio submáximo (33).

- **Test de 10 metros marcha- velocidad auto-seleccionada (10SS):** Avalía a velocidade da marcha. O paciente debe de camiñar 10 metros libre de obstáculos e en liña recta, a unha velocidade cómoda (34).
- **Test de 10 metros marcha- máxima velocidad (10F):** Realízase da mesma forma que o test anterior, pero esta vez pídeselle ao suxeito que camiñe o máis rápido e seguro posible (34).
- **Test de levántate e anda (TUG):** Valora a marcha e o risco de caídas. Cronométrase ao paciente mentres realiza a proba, que consiste en levantarse de unha cadeira con apoia-brazos, camiñar unha distancia de tres metros, xirar, volvera á cadeira e sentarse de novo. Antes de realizar a proba, o suxeito debe de realizar un intento para familiarizarse con esta. Se precisa de algunha axuda técnica para camiñar (bastón ou andador), debe utilizala durante a proba. Un tempo máis rápido indica maior rendemento funcional, os valores umbral oscilan entre 10 e 33 segundos segundo a literatura (35). Ver Anexo 9.
- **Ferramenta de avaliação de mobilidade de alto nivel (HiMAT):** É unha escala deseñada para avaliar o rendemento motor en pacientes con TCE que sofren problemas de mobilidade e equilibrio. O requisito mínimo é camiñar independente 20 metros sen axudas técnicas. A escala consta de 13 elementos, cada un deles puntúase nunha escala de 5 puntos. A puntuación total resulta da suma da puntuación de cada ítem (36). Ver Anexo 10.
- **Proba de camiñar mentres fala (WWT):** É unha medida de dobre tarefa de atención dividida para examinar a atención cognitivo-motoras, especialmente para identificar persoas con risco de caídas. O paciente debe de camiñar mentres recita o alfabeto en voz alta .
 1. **Proba camiñar mentres fala- Media de errores (WWTAE):** Calcúlanse os errores cometidos.
 2. **Proba de camiñar mentres fala- letras alternas (WWTAL):** Pídense que recites letras do alfabeto alternantes.
 3. **Proba de camiñar mentres fala- Tempo medio (WWTAT):** Mídese o tempo necesario para completar a distancia.

6. RESULTADOS

6.1. Tipo de estudos

Dos 10 estudos que finalmente se analizaron para realizar a presente revisión bibliográfica, 4 son ensaios clínicos controlados aleatorizados (37–40), 2 ensaios clínicos non controlados (41,42), 2 ensaios clínicos controlados (30,43), 1 estudio de un caso (44) e 1 estudio comparativo aleatorizado prospectivo (45).

6.2. Características da mostra e da intervención

6.2.1. Características da mostra

En canto ao tamaño da mostra todos os estudos presentan entre 10 e 65 participantes con idade comprendidas entre 18-70 anos, excepto o estudio de caso de **Gotshall et al** (44) que só inclúe un caso. Os artigos analizan un total de 260 pacientes con TCE.

En aqueles estudos nos que existe un grupo control e/ou máis de un grupo de intervención, os grupos son homoxéneos en canto as características da mostra.

Os participantes son maioritariamente varóns, exceptuando o estudio de **Kleffelgard et al.** (37) que inclúe a más mulleres que homes (45 e 20 respectivamente), e o estudio **Sessoms et al.** (43) que non especifica o xénero dos participantes.

A maioría dos participantes presentan un TCE en fase crónica. No 60% dos estudos o tempo medio dende o traumatismo é superior a un ano, no 30% oscila entre os 2,4 e os 6 meses, e no estudio de **Gottshall et al.** (44) é de 22 días.

Por outra parte, só catro estudos especifican a gravidade do TCE, sendo a maioría TCE leves.

As causas só están especificadas no 50% dos estudos (ademas do estudio do caso), sendo os accidentes de tráfico a primeira causa en catro deles, mentres que só nun dos estudos as caídas representan a primeira causa de traumatismo. Aparecendo tamén outras causas como o deporte e a violencia.

A continuación, na táboa 5, móstranse as características da mostra de cada un dos estudos más detidamente.

Táboa 5 Características das mostras

ESTUDIO	Nº PARTICIPANTES	IDADE MEDIA	XÉNERO (H/M)	TEMPO MEDIO TCE	GRAVIDADE	CAUSAS
Ustinova et al 2015 (41)	N=22	28.2	13/9	1.97 anos	15 Moderado 4 Leves 3 NE	-
Peters et al 2014 (42)	N= 10	35.4	8/2	9.91 anos	-	-
Kleffelgaard et al. 2019 (37)	N=65 GI: n=33 GC: n=32	GI: 36.7 GC: 41.2 T: 39.4	GI: 10/23 GC: 9/22 T: 20/45	GI: 3.9 mes GC: 3.4 mes T: 3.65 mes	Todos leves	41 Caídas 10 AT 7 Deporte e outros 6 Violencia
Tefertiller et al. 2019 (38)	N= 63 GI: n=31 GC: n=32	GI: 48.1 GC: 49.5 T: 48.8	GI: 23/8 GC: 16/16 T: 39/24	GI: 8.3 anos GC: 8.5 anos T: 8.4 anos	-	42 AT 12 Violencia 6 Deporte 3 Caída
Straudi et al. 2017 (39)	N=21 GI: n=12 GC: n=9	GI: 30.5 GC: 37 T: 33.8	GI: 10/2 GC: 7/2 T: 17/4	GI: 2 anos GC: 8 anos T: 5 anos	-	-
Esquenazi et al. 2017 (45)	N=22 GI ¹ : n=7 GI ² : n=8 GI ³ : n=7	GI ¹ : 37.6 GI ² : 37.1 GI ³ : 43.9 T: 39.5	GI ¹ : 6/1 GI ² : 5/3 GI ³ : 3/4 T: 15/7	>12 meses	-	17 AT 4 Violencia 1 Caída
Sessoms et al. 2015 (43)	N=51 GI ¹ : n=12 GI ² : n=12 GC: n=27	GI ¹ : 31.9 GI ² : 27.5 GC: 31.2 T: 30.4	Non especificado	GI1: - GI2: - GC: Sans T: 6 meses	Todos leve	-
Cuthbert et al. 2014 (40)	N=20 GI: n=10 GC: n=10	GI: 31.5 GC: 31 T: 31.3	GI: 7/3 GC: 6/4 T: 19/7	GI: 1.8 mes GC: 3.1 mes T: 2.4 mes	-	14 AT 3 Deporte 2 Caída 1 Violencia
Gottshall et al 2015 (44)	N= 1	41 anos	Varón	22 días	Leve	AT
Damiano et al 2016 (30)	N=24 GI: n=12 GC: n=12	GI: 31.3 GC: 32.5 T: 31.4	GI: 7/5 GC: 7/5 T: 14/10	GI: 7,5 anos GC: Sans	-	-

GI= Grupo intervención; GC=Grupo control; T=total; H=home; M=muller ; AT: Accidente de tráfico ; NE=Non especificado

6.2.2. Características da intervención.

A duración da intervención é de entre 6-8 semanas na maioría dos estudos, 3 teñen unha duración de 4 semanas e soamente o estudo de **Tefertiller et al.** (38) fai unha intervención máis longa, de 12 semanas.

Sen embargo, se temos en conta o número de sesións, é o estudo de **Damiano et al.** (30) o que realiza maior un maior número de intervencións, fronte o de **Gottshall et al.** (44) no que os participantes soamente reciben 6 sesións de tratamiento. No resto dos estudos o número total de sesións oscila entre 12 e 20 con unha frecuencia media de 3 días/semana.

A maioría dos estudos empregan medidas de resultados tanto de marcha como de equilibrio, só o estudo de **Tefertiller et al.** (38) aborda exclusivamente os déficits de equilibrio, e o de **Esquenazi et al.** (45) a marcha.

En canto ao tipo de intervención de fisioterapia que se realiza é moi variado.

No estudo de **Ustinova et al.** (41), cuxo obxectivo era probar os efectos de un programa de exercicio convencional para mellorar a estabilidade postural e a coordinación en 22 pacientes con TCE leve e moderado, os pacientes realizaron un programa de exercicio terapéutico durante 5 semanas. O programa de exercicio incluía exercicios de coordinación de Frenkel, exercicios de equilibrio con pelota suíza e táboa de equilibrio, transferencias de peso, camiñar en tandem, manterse en apoio unipodal, subir e baixar escaleiras, marcha lateral e cara atrás, etc. Os participantes realizaron actividades primeiro tombados, despois sentados, de pé e finalmente camiñando. Inicialmente a duración das sesións non superou os 30-40 minutos, pero foise incrementando gradualmente ata os 55-60 minutos, segundo a condición do paciente.

No estudo de **Peters et al.** (42), 10 participantes con TCE crónico realizaron un adestramento intensivo de mobilidade durante un total de 20 días (5 días/semana x 4 semanas). O obxectivo era determinar a viabilidade e o efecto de distintas dosificacións de este adestramento na mobilidade, o equilibrio e a velocidade da marcha. En cada sesión, os participantes realizaron tres bloques de actividades con unha duración de 50 minutos cada un (150 minutos/sesión): 1) Adestramento de marcha con peso corporal en cinta de correr, 2) Actividades de equilibrio e 3) Exercicios de força, coordinación e rango de mobilidade. As actividades foron seleccionadas en función dos déficits de cada participante e da súa capacidade funcional.

No estudo de **Kleffelgaard et al.** (37), en relación aos efectos da terapia vestibular grupal, os participantes do GI reciben (a maiores da súa rehabilitación habitual) sesións grupais de rehabilitación vestibular 2 veces á semana durante 8 semanas. A terapia inclúe: 1) exercicios de Brandt-Daroff para o vertixe posicional paroxístico benigno, exercicios de estabilización da mirada e exercicios individualizados para o equilibrio, 2) un programa de exercicio na casa que consta de entre 2 e 5 exercicios individualizados e actividade física xeral (camiñar, andar en bicicleta ou esquiar) e 3) un diario de exercicio para mellorar a conciencia e a motivación

e para rexistrar os exercicios e actividades realizadas. O grupo control realiza as súas sesións de rehabilitación habituais pero non recibe ningunha intervención para substituír as sesións grupais do GI, polo que o tempo total implicado na rehabilitación é menor neste grupo.

Tefertiller et al. (38) realizaron un estudo co obxectivo de avaliar a eficacia dun programa de fisioterapia no fogar utilizando un sistema de realidade virtual para mellorar o equilibrio en pacientes con TCE. Os 63 participantes con TCE realizaron a programa de exercicio entre 3-4 veces/semana durante 12 semanas. O GI empregou o sistema de realidade virtual, mentres que o GC realizou un programa de exercicios no fogar tradicional (sen realidade virtual).

No estudo de **Straudi et al.** (39), acerca dos efectos da terapia con videoxogos para mellorar o equilibrio e a atención selectiva en pacientes ambulatorios con TCE, os participantes do GI adestraron tarefas motoras relacionadas co equilibrio e ca mobilidade, tales como: pasos laterais, transferencias de peso, salto, marcha adiante-atrás, marcha lateral e alcances, con unha consola de videoxogo. O GC, realizou exercicios de equilibrio, transferencias de peso e estabilidade postural utilizando unha plataforma de equilibrio, con e sen retroalimentación visual. Ambos grupos recibiron a terapia 3 veces á semana durante 6 semanas.

Esquenazi et al. (45) examinan, no seu estudo, o impacto de tres formas de terapia de locomoción diferentes na velocidade da marcha e na simetría do paso. Os participantes realizan adestramento de marcha 3 días á semana durante 6-8 semanas. No GI¹ utilízase un robot efector (GE-O), no GI² un exoesqueleto robótico (Lokomat) e no GI³ unha cinta de correr con soporte parcial do peso corporal (PWSTT).

O estudo de **Sessoms et al.** (43) mide os efectos do tratamiento vestibular empregando un sistema de realidade virtual (CAREN) para mellorar a velocidad da marcha e o cambio de peso en 24 pacientes con TCE durante 6 semanas. Os participantes divídense en dous grupos: o GI¹ recibe 6 sesións de terapia vestibular tradicional e 6 sesións de terapia CAREN, o GI² realiza 12 sesións de terapia CAREN. Ademais, existe un grupo control con suxeitos sans que realizan tarefas similares no sistema CAREN.

No estudo de **Cuthbert et al.** (40) analízase a viabilidade e a seguridade de usar un sistema de xogos de realidade virtual para o tratamiento do equilibrio en 20 pacientes con TCE. Os participantes reciben 15 minutos de tratamiento específico para equilibrio a maiores das súa sesión de fisioterapia habitual, 4 veces á semana durante 4 semanas. Os pacientes do GI, realizan o tratamiento utilizando unha consola Wii con 8 minutos de xogos de Wii Fit e 7 minutos de Wii Sport. Por outra parte, os participantes do GC reciben tratamiento de equilibrio convencional, utilizando táboas inclinadas, superficies inestables, alterando os imputs visuais,

alterando a posición da cabeza, actividades de dobre tarefa e actividades dinámicas de pé como camiñar, alcances, lanzamentos de pelota etc.

Gottshall et al. (44) no seu estudo de caso, pretenden mellorar os mareos e o equilibrio utilizando terapia multisensorial con un sistema de realidade virtual (CAREN) nun varón de 41 anos que sufriu un TCE. O paciente, que previamente recibira fisioterapia vestibular tradicional durante 2 meses, realizou 6 sesións empregando o sistema de realidade virtual CAREN 1 vez á semana durante 6 semanas.

Damiano et al. (30) no seu estudo, avalían a efectividade de un programa de adestramento elíptico no fogar de ritmo rápido para mellorar o rendemento motor, a velocidade de movemento, o tempo de reacción, procesamento e funcionamento cognitivo en 12 adultos con TCE durante 8 semanas (5días/semana). Ademais, os resultados das medidas iniciais compáranse cos resultados dun grupo de 12 suxeitos sans, co obxectivo de identificar déficits de equilibrio, mobilidade, funcionamento cognitivo e condutual nos participantes do GI.

6.3. Escalas de equilibrio e marcha.

Os artigos empregan unha gran variedade de escalas e test de equilibrio e marcha para avaliar os resultados da intervención. En total utilizan 13 instrumentos de medida diferentes para o equilibrio e 14 para a marcha. Os más empregados son a BBS, a velocidad de marcha auto-seleccionada e o FGA.

A continuación, na *táboa 6* especificase o tipo de estudo, os obxectivos, os instrumentos de medida, a intervención e os resultados de cada un dos artigos.

Táboa 6. Características dos estudos.

PUBLICACIÓN	TIPO ESTUDO	OBXECTIVOS	INTERVENCIÓN	INSTRUMENTOS MEDIDA		RESULTADOS	OBSERVACIÓN
Ustinova et al. 2015 (41)	Ensaio clínico non controlado	Probar os efectos dun programa de exercicio convencional para restaurar a estabilidade postural e a coordinación en suxeitos con TCE leve ou moderado.	Duración: 4-5 Semanas Frecuencia: 3-4 días/semana Nº Sesións: 20 Tempo sesión: Inicio 30-40 min, incremento gradual ata 55-60 min Tratamento: Exercicios de coordinación, estabilidade e marcha	Equilibrio BBS	Marcha FGA	Melloras estatisticamente significativas na BBS e no FGA.	As 2 primeiras sesións son individuais, as restantes serán grupais (grupos de 3).
Peters et al. 2014 (37)	Ensaio clínico non controlado	Determinar a viabilidade e o efecto de diferentes dosificacións dun adestramento intensivo de mobilidade na mobilidade, o equilibrio e a velocidade da marcha en individuos con TCE crónico.	Duración: 4 Semanas Frecuencia: 5 días/semana Nº Sesións: 20 Tempo sesión: 150 min, divididos en 3 parte de 50 min cada unha. Tratamento: Adestramento intensivo de mobilidade dividido en 3 partes: 1º) Adestramento de marcha en cinta de correr, 2º) Actividades de equilibrio e 3º) Forza, coordinación e rango de mobilidade.	Equilibrio BBS SLS	Marcha DGI, 6MWT, TUG,10SS ,10F, WWTAE, WWTAC, WWTAT	Cambios significativos en DGI, 10F, TUG entre a 1ª medición e a intermedia. Cambios significativos en, DGI, 10SS, 10F, TUG, 6MWT entre as medicións antes e despois do adestramento. Cambios significativos en 10F, TUG, SLS, entre as medidas antes da proba e os seguimentos a longo prazo	Realízanse os descansos necesarios, con unha totalidade menor a 30 min durante as 3 horas de tratamento, para garantir que se realizan os 50 min de cada bloque.
Kleffelgaard et al. 2019(37)	Ensaio controlado aleatorizado	Probar os efectos de unha terapia vestibular grupal en pacientes con TCE	Duración: 8 semanas Frecuencia: 2 días/semana Nº Sesións: 16 Tempo sesión: - Tratamento: GI: Rehabilitación multidisciplinar + Rehabilitación vestibular grupal (Orientación, exercicios individualizados, programa de exercicios no fogar e diario de exercicios). GC: Rehabilitación multidisciplinar	Equilibrio BESS, VSS, DHI	Marcha HiMAT	Mellora significativa en todas as medidas de resultado no GI despois da intervención. Sen embargo, as diferenzas entre os grupos xa non era estatisticamente significativas no 2º período de seguimento. (o GI mantivo os niveles de melloría, o GC mellorou co tempo a discapacidade relacionada cos mareos e os problemas de mobilidade).	O GC non recibe ningunha terapia para substituír a rehabilitación vestibular aplicada no GI, polo que o tempo total de rehabilitación é menor

Fisioterapia nos déficits de equilibrio e marcha en pacientes con traumatismo craneoencefálico

Tefertiller et al. 2019 (38)	Ensaio controlado aleatorizado	Avaliar a eficacia dun programa de fisioterapia no fogar utilizando un sistema de RV para mellorar o equilibrio en pacientes con TCE.	Duración: 12 semanas Frecuencia: 3-4 días/semana Tempo sesión: 30 min Tratamiento: GI: Adestramento con un sistema de xogo de RV. GC: Programa de exercicio no fogar	Equilibrio CB&M, BESTest, ABC		Non diferencias significativas entre grupos. Ambos grupos obtiveron melloras significativas en CB&M e BESTest	Todos os participantes tiñan que completar un rexistro de actividades que documentara a finalización das sesións e un rexistro separado de eventos adversos.
Straudi et al. 2017 (39)	Ensaio controlado aleatorizado	Probar os efectos da VGT, disponible comercialmente, no equilibrio e a atención selectiva en pacientes con TCE crónico, en comparación con BPT	Duración: 6 semanas Frecuencia: 3 días/semana Nº Sesións: 18 sesiones Tempo sesión: 1 hora Tratamiento: GI: Adestramento tarefas motoras con unha consola (paso lateral, transferencias peso, marcha, alcances), 2-5 min cada xogo. GC: Exercicios de equilibrio, transferencias peso e estabilidade postural con e sen retroalimentación visual utilizando plataforma de equilibrio. 2 min cada exercicio	Equilibrio CB&M, UBS	Marcha TUG	Melloras na puntuación de CB&M en ambos grupos. O GI melloras significativas na UBS e no TUG. Diferenzas significativas para UBS e TUG entre ambos grupos.	En ambos grupos se realizan os descansos necesarios e o fisioterapeuta proporciona retroalimentación externa.
Esquenazi et a. 2017 (45)	Estudo comparativo aleatorizado prospectivo	Examinar o impacto de 3 modelos distintos de terapia de locomoción na velocidade da marcha e a simetría espazo-temporal.	Duración: 6-8 semanas Frecuencia: 3 días/semana Nº Sesións: 18 Tempo sesión: 45 min Tratamiento: Terapia de locomoción con: GI¹: Robot efector (GE-O) GI²: Exoesqueleto robótico (Lokomat) GI³: Adestramento en cinta de correr asistido manualmente, con soporte parcial do peso corporal (PWSTT)	Marcha SSV, MV, 6MWT, STAR, SLAR		Aumento SSV en todos os grupos. GI ² e GI ³ aumento significativo en MV. GI ¹ e GI ³ mellora no 6MWT	Os 45 min da sesión son o tempo que o paciente está camiñando, sen contar o tempo de configuración e de avaliación posterior.
Sessoms et al. 2015 (43)	Ensaio clínico controlado	Probar o efecto do tratamiento vestibular utilizando un sistema de RV (CAREN) para mellorar velocidade da marcha e o cambio de peso en pacientes con TCE.	Duración: 6 semanas Frecuencia: 2 días/semana Nº Sesións: 12 Tempo sesión: 20-30 min Tratamiento: GI¹: 6 Sesións CAREN + 6 Sesións terapia vestibular tradicional GI²: 12 Sesións CAREN GC: tarefas similares en CAREN	Equilibrio Puntuación Tarefa de navegación en barco.	Marcha SSV	Todos os grupos aumentaron a puntuación da TNB e a SSV, sendo significativamente más altas no GI ² que no GI ¹ . O GC obtivo puntuación significativamente más altas que o GI ¹ e GI ² para TNB, pero o GI ² obtivo unha SSV significativamente más alta que GC.	O GI ¹ recibe un día da semana terapia vestibular tradicional e outro día terapia con RV. Os participantes do CG, son suxeitos sans.

Fisioterapia nos déficits de equilibrio e marcha en pacientes con traumatismo craneoencefálico

Cuthbert et al 2014 (40)	Ensaio controlado aleatorizado	Avaliar a viabilidade e a seguridad de usar un sistema de xogos de RV para o tratamento do equilibrio en paciente con TCE.	Duración: 4 semanas Frecuencia: 4 días/semana Nº de sesións: 16 Tempo sesión: 15 min Tratamiento: GI: 8 min de Wii Fit e 7 min de Wii Sport GC: 15 min de tratamiento de equilibrio convencional.	Equilibrio BBS	Marcha FGA	Ambos grupos melloras en BBS e FGA sen diferencias significativas entre ambos grupos.	Os 15 min de intervención, son engadidos ao tempo da sesión de fisioterapia que reciben de forma habitual os participantes de ambos grupos.
Gottshall et al 2015 (44)	Estudo de un caso	Mellorar os mareos e os desequilibrios usando terapia multisensorial nun entorno de RV nun paciente con TCE.	Duración: 6 semanas Frecuencia: 1 día/semana Nº Sesións: 6 Tempo sesión: 45 min Tratamiento: Sistema de RV CAREN	Equilibrio SOT, DHI, ABC	Marcha FGA. Velocidade marcha	Melloran todas as medidas de resultados Aumenta velocidade para camiñar, resistencia e capacidade de reequilibrarse	Antes de realizar o estudo o paciente recibira terapia vestibular tradicional 2 días/semana durante 2 meses.
Damiano et al 2016 (30)	Ensaio clínico controlado	Avaliar a efectividade dun programa de adestramento elíptico de ritmo rápido para mellorar o rendemento motor, velocidade de movemento, o tempo de reacción, procesamento cognitivo e funcionamento neurocondutual en adultos con TCE. Identificar déficits de equilibrio, mobilidade, funcionamento cognitivo e condutual en adultos con TCE en comparación con adultos sanos	Duración: 8 semanas Frecuencia: 5 días/semana Nº Sesións: 40 Tempo sesión: 30 min Intervención: GI: Adestramento cunha elíptica no fogar, que require movementos coordinados de brazos e pernas, a un ritmo constante e relativamente alto. GC: Non recibe tratamiento	Equilibrio LOS , MCT, SOT	Marcha HiMAT, Velocidade marcha, ritmo e lonxitude de paso.	Melloras estatisticamente significativas para as probas LOS e MCT. Para o resto das medidas de resultados non se atoparon cambios significativos.	Os participantes rexistraron a duración , velocidade e resistencia de cada sesión. Foron monitoreados por teléfono a primeira semana e logo cada dúas semanas. Ademais, colocouse un sensor no pedal para controlar o uso

TCE=Traumatismo craneoencefálico; GI=Grupo intervención; GC= Grupo control; RV= Realidade virtual; CAREN=Entorno de rehabilitación asistido por computadora; BBS= Escala de equilibrio de Berg; BESS= Sistema de puntuación de errores de equilibrio; BESTest=Test de evaluación de sistemas de equilibrio; UBS=Escala unificada de equilibrio; SOT=Proba de organización sensorial; CB&M=Escala comunitaria de equilibrio e mobilidade; SLS=Proba de postura dunha soa perna; TNF=Tarefa Navegación no barco; LOS=Proba dos límites de estabilidade; MCT=Proba de control motor; DHI=Inventario de discapacidade para mareos; VSS= Escala de síntomas de vertixe; ABC=Escala de confianza no equilibrio durante actividades específicas; FGA=Avaliación da marcha funcional; DGI=Índice de marcha dinámico; 6MWT=Test de 6 minutos marcha; TUG=Test de levántate e anda; 10ss=Test de 10 metros marcha- velocidad auto-seleccionada; 10F=Test de 10 metros marcha- máxima velocidad; HiMAT=Ferramenta de evaluación de mobilidade de alto nivel; SSV=Velocidade de marcha auto-seleccionada; MV=Velocidade máxima; STAR=Relación asimetría tempo de paso; SLAR= Relación asimetría lonxitude de paso; WWTAE= Proba camiñar mentres fala- Media de errores; WWTAL=Proba de camiñar mentres fala- letras alternas; WWTAT=Proba de camiñar mentres fala-Tempo medio

6.4. Eficacia da intervención nos déficits de equilibrio e marcha.

6.4.1. Equilibrio

Ustinova et al. (41) utilizan no seu estudo a BBS para medir as melloras no equilibrio. Os participantes foron avaliados dúas veces antes de comezar o programa (sen diferenzas significativas entre ambas medicións ($p>0.5$)) e unha vez finalizado este. Os autores estableceron o nivel de significación en $p<0.0125$, observando melloras estatisticamente significativas no equilibrio, con un aumento de 45.2 ± 5.9 a 49.2 ± 4.2 puntos ($p=0.001$) na BBS tras a intervención. Polo tanto, a intervención resultou ser eficaz para o equilibrio medido coa BBS.

No estudo de **Peters et al.** (42), empregaron a BBS e SLS como medida dos resultados para o equilibrio. Os investigadores non atoparon cambios significativos na puntuación da BBS entre ningunha das diferentes medicións, pero si unha mellora significativa na proba de SLS entre a primeira medición e o seguimento a longo prazo, pasando dunha media de 9.2 (1.4,35) a 19.2 (2.0, 35) segundos ($p=0.04$). A continuación na Táboa 7 móstranse os resultados máis detalladamente.

Táboa 7. Resultados estudo Peters et al (42).

Escalas	Valor p							
	Pre-Intervención	Intermedio	Post-Intervención	Seguimiento	Pre-Intermedio	Pre-Post	Pre-Seguimiento	
BBS	50.5 (41.8,54.8)	50.5 (45.5,55)	51 (47,55.8)	49.5(44.3,49.5)	0.83	0.26	0.24	
SLS(s)	9.2 (1.4,35)	26.3 (2.7,35)	11.3 (0.59,33.9)	19.2(2.0,35)	0.40	0.67	0.04	

BBS=Escala de equilibrio de Berg, SLS=Proba de postura dunha soa perna

En resumo, a intervención non resultou eficaz para ningunha das medidas de equilibrio inmediatamente despois de finalizar, pero si no seguimento a longo prazo para o SLS.

Kleffelgaard et al. (37) empregaron no seu estudo o BESS, DHI e VSS como medidas de resultados para o equilibrio e os mareos. Tras a intervención, atopouse unha mellora estatisticamente significativa ($p<0.05$) para a puntuación de BESS, DHI e VSS entre ambos grupos a favor do GI. Non obstante, no seguimento a longo prazo (2 meses despois de finalizar a intervención, aproximadamente), as diferenzas xa non eran estatisticamente significativas para ningunha das tres medidas de resultados. A continuación, na seguinte táboa móstranse os resultados do estudo para o equilibrio.

Táboa 8. Resultados para o equilibrio do estudio Kleffelgaard et al (37).

Escalas	Grupo intervención			Grupo control			Valor <i>p</i> (GI vs GC)	
	Pre-intervención	Post-intervención	Seguimiento	Pre-Intervención	Post-Intervención	Seguimiento	Post-Intervención	Seguimiento
BESS	29.7±11.6	19.1±10.6	17.5±10.4	29.0±9.6	23±9.1	20.8±9.0	0.09	0.15
DHI	47.9±16.6	32.9±21.3	32.1±20.7	41.4±19.2	36.4±22.7	30.0±24.3	0.03	0.09
VSS	10.9±6.0	6.7±6.0	6.9±4.6	10.2±6.6	8.4±6.6	6.1±5.5	0.08	0.61

BESS=Sistema de puntuación de errores de equilibrio, DHI=Inventario de discapacidad para mareos, VSS=Escala de síntomas de vertixe.

A terapia vestibular grupal xunto coa rehabilitación multidisciplinar resultou ser más efectiva que soamente a rehabilitación multidisciplinar, para todas as medidas de equilibrio ao finalizar a intervención. No obstante a longo prazo, as dúas tiveron a mesma efectividade.

No estudio de **Tefertiller et al.** (38) emplegaron como medidas de resultados para o equilibrio a CB&M, o BESTest e ABC e realizáronse 4 medicións: 1) ao inicio da intervención, 2) na metades desta (as 6 semanas), 3) ao finalizar a intervención e 4) un seguimiento a longo prazo (3 meses despois de finalizar). A significación estableceuse en *p*<0.05 para os cambios dentro do grupo e en *p*<0.0167 para comparar os cambios entre os dous grupos. Ambos grupos exhibiron aumentos estatisticamente significativos na puntuación media de GB&M e BESTest entre as distintas medicións, sen diferenzas significativas entre eles. Na puntuación de ABC non se atoparon cambios significativos nin dentro dos grupos nin entre os grupos. A puntuación de CB&M aumentou unha media de 5 unidades á metade da intervención, 7 unidades ao finalizar a intervención e 8 unidades no seguimiento a longo prazo, en ambos grupos. Pola súa parte, a puntuación no BESTest mellorou, dende o puntuación inicial ás tres medicións posteriores, entre 4-7 unidades aproximadamente, en ambos grupos. No estudio non aparecen as puntuacións das medidas de resultados nas diferentes medicións pero si o valor de *p*, para ver se os cambios son significativos ou non. Na seguinte táboa móstranse os valores de *p* para os cambios, tanto dentro do grupo como entre os grupos.

Táboa 9. Valores de *p* para os cambios nas medidas de resultados de equilibrio no estudio de Tefertiller et al (38).

Escalas	Grupo intervención			Grupo control			Comparación GI vs GC		
	Pre-intermedio	Pre-Post	Pre-Seguimiento	Pre-Intervención	Pre-Post	Pre-Seguimiento	Pre-Intermedio	Pre-Post	Pre-Seguimiento
CB&M	0.002	<0.0001	<0.0001	<0.0001	<0.0001	<0.0001	0.8716	0.9522	0.9438
BESTest	0.0042	0.0028	<0.0001	0.0043	0.0023	0.001	0.9973	0.9693	0.6558
ABC	0.0663	0.3271	0.0550	0.7138	0.1171	0.1940	0.2910	0.6723	0.6262

CB&M= Escala comunitaria de equilibrio e mobilidade, BESTest=Test de avaliación do sistema do equilibrio, ABC=Escala de confianza no equilibrio durante actividades específicas.

O programa de exercicios no fogar con e sen realidade virtual resultou ser igual de efectivo para as medidas de equilibrio CB&M e BESTest, tanto ao finalizar á intervención como a longo prazo. No obstante, esta efectividade non se puido demostrar para a puntuación da escala ABC.

No estudo de **Sraudi et al.** (39) os investigadores observaron melloras significativas ($p<0.05$) na puntuación de GB&M en ambos grupos, sen diferenzas entre eles. A puntuación de UBS soamente mellorou de forma significativa no GI, atopándose diferenzas significativas entre ambos grupos. Na seguinte táboa móstranse os resultados das medidas de equilibrio máis detalladamente.

Táboa 10. Resultados das medidas de equilibrio no estudo de Straudi et al (39).

Escalas	Grupo intervención			Grupo control			Valor p (GI vs GC)
	Pre-	Post-	Valor	Pre-	Post-	Valor	
	Intervención	Intervención	p	Intervención	Intervención	p	
CB&M	17 (15)	25 (15.5)	<0.01	25 (32)	25.5 (31.5)	<0.05	>0.05
UBS	43 (20.5)	49.5 (20.5)	<0.01	49 (18.5)	51 (20.5)	>0.05	<0.05

CB&M=Escala comunitaria de equilibrio e mobilidade, UBS=Escala de equilibrio unificada

En resumo, ambos tratamento de equilibrio (terapia con videoxogos e exercicio con unha plataforma de equilibrio) resultaron ser igual de eficaces para a GB&M, pero só a terapia con videoxogos resultou ser efectiva para a UBS.

O estudo de **Sessoms et al.**(43), emprega como medida de resultado para o equilibrio, os as puntuacións obtidas nunha das tarefas do sistema CAREN, a *tarefa de Navegación en barco*, que mide a planificación de tarefas e o equilibrio. A puntuación media inicial na tarefa de navegación en barco foi de 1059 ± 83 puntos para os suxeitos con TCE, acadando unha puntuación media de 1233 ± 204 puntos tras a intervención. O GC pola súa parte obtivo unha puntuación de 1206 ± 123 na primeira visita e de 1430 ± 15 na última. As puntuacións aumentaron para todos os grupos durante as 6 semanas, sendo significativamente más altas no GI² que no GI¹ en todas as semanas (Semana 2: $p=0.007$, Semana 4: $p=0.009$, Semana 6: $p=0.041$). Ademais, en comparación co GC, o GI¹ tivo puntuacións significativamente más baixas en todas as sesións ($p<0.05$) e en todas as semanas ($p<0.001$) e o GI² tamén tivo puntuacións significativamente más baixas na semana 2 ($p<0.001$), 4 ($p=0.001$) e 6 ($p=0.005$). E dicir, a terapia empregando soamente un sistema de realidade virtual resultou ser más efectiva para o equilibrio que combinada con fisioterapia tradicional.

No estudo de **Cuthbert et al.** (40) as melloras no equilibrio avalíaronse mediante a BBS, sendo a puntuación inicial de 47.21 (42.60,51.82) para o GI e de 46.68 (43.07, 52.28) para o GC. Os investigadores observaron melloras significativas no GI ao longo do tempo, acadando tras a intervención 52.57 puntos ($p=0.03$) (47.87,52.26). Non obstante, non se atoparon cambios significativos nin no GC ($p= 0.09$) nin diferenzas estatisticamente significativas entre grupos (GI = 52.57 (47.87,57.26) , GC= 51.90 (47.09,56.71), $p=0.70$). En resumo, a intervención resultou ser efectiva para a medida de equilibrio BBS no grupo que empregou un sistema de realidade virtual, pero non para o grupo que realizou fisioterapia convencional. Non obstante, non se pudo demostrar que unha terapia fose más eficaz que outra porque non houbo diferenzas significativas entre os resultados finais de ambos grupos

No estudo de **Gottshall et al.** (44) empregaron as seguintes medidas de resultados: DHI, SOT e ABC. En xeral, todas as medidas de resultados melloraron a medida que progresaban as sesións. Na seguinte táboa móstranse os resultados antes e despois da intervención.

Táboa 11. Medidas resultado para o equilibrio do estudo de Gottshall et al (44).

Escalas	Pre-Intervención	Post-Intervención
DHI	18	0
SOT	60	84
ABC	78	85

*DHI= Inventario de discapacidade para mareos, SOT=Proba de organización sensorial,
ABC=Escala de confianza no equilibrio durante actividades específicas*

Ademais, observouse un aumento na cantidade de movemento da plataforma que podía tolerar sen perder o equilibrio durante as sesións CAREN. Polo tanto, a intervención resultou ser efectiva para todas as medidas de resultados de equilibrio.

No estudo de **Damiano et al.** (30) os participantes presentaban puntuacións iniciais de 145.8 ± 17.2 na proba MCT, e de 0.9 ± 0.3 no tempo de reacción durante a proba LOS. Tras a intervención, observáronse melloras significativas, diminuíndo a puntuación a 135.6 ± 14.4 $p=0.001$ e 0.8 ± 0.2 $p=0.03$ respectivamente. No seguimento a longo prazo, a única mellora significativa que se observou foi un aumento na capacidade de desprazar o centro de gravidade cara diante dentro dos límites de estabilidade na proba LOS (81.6 ± 13.4 , 91.3 ± 13.5 , $p=0.001$), o resto e resultados do seguimento a longo non aparecen especificados no artigo. Como medida secundaria para o equilibrio os investigadores empregaron a proba SOT sen observar cambios significativos nesta, non obstante os resultados desta proba tampouco aparecen reflexados no artigo. En resumo, tras intervención, esta resultou ser efectiva para

as medidas de equilibrio MCT e o tempo de reacción durante a proba LOS pero non para a proba SOT.

6.4.2. Marcha

Ustinova et al. (41) obtiveron resultados que mostraron mejoras significativas na marcha tras a intervención, con un aumento da puntuación do FGA de 22.8 ± 4.1 a 26.9 ± 3.4 ($p=0.009$), é dicir, que a intervención resultou ser efectiva para a marcha.

No estudo de **Peters et al.** (42) empregáronse diversas escalas e test de marcha para avaliar a eficacia da intervención (DGI, 10SS, 10F, TUG, 6MWT), así como test de dobre tarefa durante a marcha (WWTAE, WWTAL, WWTAT). Na metade da intervención observáronse mejoras estatisticamente significativas ($p<0.05$) para DGI, 10F e TUG. Tras a intervención, observáronse mejoras significativas para DGI, 10SS, 10F, TUG e 6MWT; mentres que no seguimento a longo prazo só melhoraron significativamente o 10F e TUG. O WWTAE, WWTAL e WWTAT non demostraron cambios significativos en ningunha das medicións. Na seguinte táboa pódese observar os resultados do estudo con máis detalle.

Táboa 12. Resultados para a marcha no estudo de Peters et al.(42)

Escalas	Pre-Intervención	Intermedio	Post-Intervención	Seguimiento	Valor p		
					Pre-Intermedio	Pre-Post	Pre-Seguimiento
DGI	14.5 (11.3,20.8)	16 (12.5,21.5)	15.5 (12,23)	15 (13,21.5)	0.049	0.049	0.09
10SS (m/s)	0.88 (0.74,1.2)	0.97 (0.78,1.2)	0.99 (0.76,1.2)	0.90 (0.73,1.2)	0.38	0.03	0.41
10F (m/s)	1.1 (1.0,1.5)	1.2 (1.1,1.6)	1.2 (1.1,1.8)	1.2 (1.0,1.7)	0.01	0.01	0.02
TUG (s)	12.2 (9.7,23)	10.5 (9.0,23)	10 (8.0,19)	11.5 (9.4,21)	0.01	0.01	0.03
